

**CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO PARA A INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO INSTANTÁNEO NA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.**

**PROCEDIMIENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN URGENTE.**

**ORZAMENTO BASE: 99.096,06 €; IVE: 20.810,17 €; TOTAL: 119.906,23 €**

### **DECLARACIÓN DE URXENCIA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE**

Vista a Resolución, con data de 22 de xuño de 2020, da secretaria xeral técnica, por suplencia da persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local pola que se acorda conceder á Mancomunidad de Salnés unha subvención para o proxecto denominado: "SALNES MEDIOAMBIENTAL VIII: instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamento", por importe de 83.934,36 € (IVE incluído) para o orzamento de investimento, na que se establece un prazo de xustificación do investimento a 31 de outubro de 2020.

A necesidade da contratación para a "instalación solar fotovoltaica de autoconsumo instantáneo na estación de tratamento", ven dada porque, analizado o elevado consumo enerxético da instalación, así coma o seu horario, o cal se adapta perfectamente á produción da planta fotovoltaica, xa que as instalacións funcionan os 365 días ao ano, áchase claramente xustificada a necesidade de emprender accións que diminúan os custes enerxéticos da instalación e aumentar o grado de autoabastecemento enerxético da mesma, aproveitando a enerxía procedente do sol, polo que resulta preciso realizar a adquisición do subministro e proceder á xustificación da inversión prevista na resolución concedida pola Consellería de Presidencia.

A urxencia na execución do investimento ven dada porque haberá de executarse no prazo establecido na resolución emitida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza Consellería, que prevé a data de xustificación a 31-10-2020.

Considerando que operan os requisitos previstos no art. 119.1 da LCSP.

En base ó anterior, esta Presidencia entende xustificada a tramitación urxente do expediente, aos efectos do Art. 119.1 da LCSP.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,  
Marta Giráldez Barral.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE